# COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 08/07/2008

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 167.529 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 908 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 830 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 68 | * |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 89 | 94 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 97 | 165 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 289 | 198 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 298 | 202 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 310 | 253 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 330 | 247 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 514 | 422 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 322.636 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 521 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 477 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.429 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 955 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 525 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 271 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 83.992 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 134 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 115 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,80 | * |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,20 | 2,71 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,31 | 2,32 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 28

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 08/07/2008

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS | |
|---|---|---|
| | KG. | DIF. |
| CARNICEIRO | 1,550 | 0,00 |
| SELECTO | 1,305 | 0,00 |
| NORMAL | 1,280 | 0,00 |
| CASTRADO | 1,405 | 0,00 |
| CANAL II | 1,662 | 0,00 |
| DESVELLE | 0,72/0,78 | 0,00 |

**Cuarta semana de estabilidade nas cotizacións**: Atípico mercado nos presentes meses de xuño e xullo, encadeándose catro semanas de estabilidade nas cotizacións cando estas deberían marcar as máximas subas do ano. Os factores coxunturais alleos ao sector parecen empeñados en marcar o mercado do porcino para todo o 2008; os efectos do paro do transporte e a folga de veterinarios, condicionou un mercado, que comeza a desconxestionarse, polo que se agarda que nas vindeiras semanas as cotizacións poidan incrementarse.

**Situación do mercado**: Os pesos na presente semana subiron despois da forte baixa da pasada semana. O mercado estase normalizando. destacar varias variábeis que marcan positivamente o mercado: **1º** Alta actividade nos matadoiros; **2º** co incremento das temperaturas a oferta reducirase; **3º** cotizacións á alza no norte de Europa (nunha época do ano na que deberían reducirse); **4º** oferta moi reducida de vivo no contexto Europeo, o que xunto co incremento das cotizacións no resto de Europa favorecerá as transaccións intracomunitarias. Polo lado negativo, o encarecemento de certas materias primas, ameaza novamente sobre as alzas nos concentrados, o que afectaría claramente nas maltreitas arcas dos cebadoiros.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS | | |
|---|---|---|---|
| | KG. | UNIDADE | DIF |
| SELECTO | 1,35 | 27,00 | -- |
| NORMAL | 1,30 | 26,00 | -- |

**Tras seis semanas sen cotizaren, os bacoriños voltan a ter prezo.** Fora na sesión do 27 de maio, cando os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiran deixar sen cotización ao bacoriño ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €. Tras sete semanas, a táboa da lonxa rexistra cotización para o bacoriño, por riba dese limiar teórico dos 25€.
**Situación de mercado**: Maior movemento, e ainda que a oferta é suficiente, prevese que comece a afloxar; compre ter en conta algunhas variábeis; **1º** As cotizacións son moi inferiores aos custos de produción; **2º** Os efectos do paro do transporte comezan a remitir; porén, o agardado incremento nas cotizacións do cebo ainda non se produciu (catro semanas co signo de repetición nunha época na que deberían darse as maiores subas do ano) o que limita a normal evolución no mercado dos bacoriños. **3º**. Estabilizáronse as cotizacións holandesas (principal exportador) despois do recurte da semana pasada (-3€).
**Ainda que o mercado poida mellorar paseníñamente, non desaparece a ameaza do S/C en táboa.**

## *OVOS*

| | EUROS | | | |
|---|---|---|---|---|
| CLASE | BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
| XL | 1,52 | 0,00 | 1,52 | 0,00 |
| L | 1,20 | 0,00 | 1,20 | 0,00 |
| M | 1,08 | 0,00 | 1,08 | 0,00 |
| S | 0,85 | 0,00 | 0,85 | 0,00 |

**Segunda semana con estabilidade nas cotizacións dos ovos:** Tras as dúas subas producidas no mes de xuño, o mercado do ovo mantense estabilizado despois da reactivación que se veu dando ao longo de xuño. A situación de sobrante comentada ao longo de case todo o ano parece quedar atrás e as baixas nas cotizacións producidas nos primeiros meses deste ano, parece que reactivaron moi lixeiramente a demanda. As existencias voltaron a baixar na presente semana, sendo as máis baixas dende os principios de marzo.
Mercado Estabilizado e previsións de lixeiras alzas.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* | |
|---|---|---|
| | KG. | DIF |
| **SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS** | **0,25/0,37** | **0,00** |

**Décima semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas**: O mercado das galiñas manténse firme e como proba a estabilidade nas cotizacións repítese dende a última semana de abril. O mercado segue equilibrado, caracterizado por unha baixa oferta estrutural (ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos). Nada apunta a que se rache esta estabilidade no curto prazo.
As cotizacións son un 68% superiores ás de hai un ano.

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* | |
|---|---|---|
| | KG. | DIF |
| NOVO | 1,54 | 0,00 |

**Queda un longo treito para acadar unhas marxes positivas para a produción:** As dúas últimas subas non son nen de lonxe suficientes para poder a produción recuperar marxes positivas de explotación; o consumo non tira e dende a produción parecen máis preocupados pola axilidade das saídas que por marcar unhas cotizacións á alza; ademais a demarraxe das cotizacións en Portugal que afecta a todo o cadrante noroccidental da Península afonda ainda máis na dualidade comentada nas semanas pasadas entre o Leste e o Oeste Peninsular.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

En colaboración coa:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural